

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO “FORESTAAMES-BRIÓN”.**

**Expediente Gestdoc 5357/2020**

Con data do 17.11.2020, a o axente de desenvolvemento local do Concello de Ames, co visto e prace da concelleira de Promoción Económica, presenta proposta na que solicita que se inicien as actuacións tendentes a aprobación das bases para a selección e contratación do persoal para o obradoiro dual “ForestaAmes-Brión”

Á vista do anteriormente exposto, mediante providencia da Alcaldía de 18.11.2020, dáse inicio ao expediente.

Figuran no expediente informe da técnica de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como proposta de bases que rexerá o proceso selectivo, ambos de data 18.11.2020.

Figura informe de fiscalización favorable da interventora municipal ( informe 536/2020)

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía ( decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro. Aprobar as bases que figuran como anexo I deste acordo para a selección do alumnado traballador e persoal do obradoiro de emprego “Forestames-Brión”.**

**Segundo.** Publicar as bases no taboleiro de anuncios e sede electrónica municipal.

**Terceiro.** Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

**Cuarto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### Anexo I

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “FORESTAMES-BRIÓN”.**

O obradoiro de emprego “FORESTAMES-BRIÓN” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade e cofinanciado polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, e promovido polo **Concello de Ames conveniado co concello de Brión.**

A **especialidade** a impartir é a seguinte:

- **AGAR0208 REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVICOLAS (20 alumnos/as)**

A **distribución** por concellos é a seguinte:

1. Concello de Ames: 15 alumnos/as
2. Concello de Brión: 5 alumnos/as

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

- 1.- Tratamento das faixas secundarias na aldea de Trasouteiro
- 2.- Tratamento das faixas secundarias na aldea de Aguiar

3.- Repoboación na aldea de Covas

4.- Actuacións en vías e camiños

**O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as.**

#### 1ª.- OBXECTO

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e de conformidade co disposto na lei 5/2015 de 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado público, a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal do seguinte persoal para a xestión e o desenvolvemento do obradoiro de emprego:

- **1 Director/a** (xornada completa)
- **2 Mestres/as da especialidade AGAR0208 REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS** (xornada completa)
- **1 mestre/a coordinador/a de formación complementaria (titor/xestión empresarial)** (88% da xornada)
- **1 auxiliar administrativo** (50% da xornada)
- **20 alumnos/as traballadores/as** (xornada completa)

#### 2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

**A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será dun contrato de traballo** de duración determinada por obra ou servizo. A relación contractual co persoal rexeráse pola normativa sobre contratación laboral temporal.

O alumnado será contratado mediante a modalidade de “contrato para a formación e aprendizaxe”, de acordo co disposto no apartado 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) de dito estatuto.

A contratación do persoal será pola duración total do obradoiro establecido en nove meses dende a data de inicio prevista o 15 de decembro de 2020 ou da que se fixe no suposto de autorizarse a ampliación da data prevista de inicio.

Todo o persoal será a xornada completa, excepto o/a mestre/a coordinador/a de formación complementaria que terá un contrato ao 88% da xornada e /o auxiliar administrativo que terá un contrato a media xornada.

#### 3º O TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. O tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego de Santiago-Centro e a valoración das entrevistas ou probas que se realicen. Serán designados dous deles pola alcaldía do concello de Ames e un pola alcaldía do concello de Brión (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local).

Os membros do tribunal son:

Marcelino Portals Coto empregado do Concello de Ames, actuando como presidente/a

Miguel Costoya Rabasco empregado do Concello de Ames

Ismael Núñez Picallo empregado do Concello de Brión, actuando como secretario.

Como asesores especializados na area de emprego e como apoio e asesoramento técnico actuarán; Juan Carlos Carreja Iglesias AEDL do concello de Ames e Teodora Vieiro Nogueira AEDL do concello de Brión, actuando como suplentes, de ser o caso, María Lloves Castro e Pablo Bello Nieto, técnicos de inserción contratados polo concello de Ames e como asesora en materia de persoal Luisa Carlota Díaz Tomé.

2. Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do tribunal, algún compoñente non puidera acudir, poderá ser substituído por quen se designe dende as entidades promotoras.

As reunións do tribunal recolleranse nas actas correspondentes.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do tribunal nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O tribunal considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do tribunal tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do tribunal, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que estea designada como suplente.

#### 4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR

**Sistema de selección:** Oferta tipo T (Taller de emprego)

**Localidade:** Ámbito dos Concellos de Ames e Brión. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** 18 ou máis anos.

**Situación Laboral:** Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

**4.1 Criterios preferentes e sistema de selección:** O tribunal aplicará os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 27 de decembro de 2019, (DOG núm. 14, do 22 de xaneiro de 2020), segundo baremo que se xunta no Anexo I destas bases.

As persoas candidatas deberán, tendo en conta que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2, cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real decreto que regula o dito certificado (art. 11.2 d).

O número máximo de candidatas/as a preseleccionar será como mínimo, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 330, 320 ou 370** a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, o Concello de Ames tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago Centro**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo tribunal. Ao realizarse un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego serán convocadas, en primeiro lugar, para a realización dunha entrevista persoal (10 puntos), coa finalidade de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas actitudes, capacidades e motivación, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo

Posteriormente realizarase unha avaliación obxectiva que constará de dúas partes:

- Aplicación do baremo (3 puntos) establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas.
- Realización dun cuestionario (20 puntos), previamente aprobado polo tribunal, para avaliar os coñecementos básicos sobre a materia obxecto deste obradoiro.

As persoas candidatas que cumpran algún dos criterios de prioridade establecidos no artigo 11.3 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, deberán presentar a documentación que sirva para a valoración dos ditos criterios conforme ao establecido no Anexo I destas bases, ata o día 1 de decembro de 2020.

Presentarase no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro de Emprego Forest-Ames Brión, de forma presencial ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>).

No caso de presentación presencial, será necesaria a cita previa para limitar o aforo, sendo as canles para realizar a petición as seguintes:

- Cita previa telefónica: 881074709 / 881074710/ 881074712 (De luns a venres en horario de 8.00 - 15.00 horas).
- Petición online: <https://sede.concellodeames.gal>

A oficina de emprego comunicará ás persoas candidatas preseleccionadas para os postos de alumnado-traballador a data e lugar para a realización da entrevista. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o tribunal. O tribunal levará a cabo as entrevistas, valoraraas e puntuaraas, o que será obxecto de exposición pública no mesmo local onde tivo lugar a entrevista, na oficina de emprego de Santiago Centro e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión.

O tribunal redactará as correspondentes actas e remitiraas á Xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

#### 4.2 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.

O criterio para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas no proceso selectivo, será o maior tempo acreditado como persoa desempregada (derradeira inscrición na oficina de emprego).

### 5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE

#### 5.1 Consideracións xerais.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, o Concello de Ames tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Santiago Centro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, **se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.4).

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar para cada praza será de cinco (5), debendo considerar, na medida do posible, un mínimo de tres (3) persoas candidatas por posto.

O ámbito da sondaxe será o dos Concellos de Ames e Brión, ampliándose, no caso de non obter o número de candidatas/as suficiente, aos outros concellos dos ámbitos territoriais das oficinas de emprego a que pertencen os concellos promotores e, de ser necesario, a toda a provincia.

As persoas candidatas para os postos do equipo docente-directivo, deberán presentar as solicitudes para tomar parte nas probas selectivas e os orixinais ou copia compulsada da documentación que sirva para a valoración dos méritos conforme ao establecido no Anexo I destas bases, ata o día 1 de decembro de 2020.

Presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro de Emprego Forest-Ames Brión, de forma presencial ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>).

No caso de presentación presencial, será necesaria a cita previa para limitar o aforo, sendo as canles para realizar a petición as seguintes:

- Cita previa telefónica: 881074709 / 881074710/ 881074712 (De luns a venres en horario de 8.00 - 15.00 horas).
- Petición online: <https://sede.concellodeames.gal>

Os concellos de Ames e Brión comunicarán ás persoas candidatas preseleccionadas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación orixinal ou copia compulsada xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos, non admitíndose documentación fóra do prazo indicado:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial, título provisional ou certificación académica na que conste o abono das taxas e a data de expedición do título.

- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

1. Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe da vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas cotizadas.
2. Traballadores autónomos: alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.
3. Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos cotizados.

Terase en consideración os seguintes criterios xerais:

- a) Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemento ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- b) Experiencia profesional. Valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.
- c) Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarán a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- d) Cursos realizados. Deben estar relacionados coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.
- e) Coñecementos do idioma galego. Serán valorados aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Aquelas persoas candidatas que xa presentaran a dita documentación acreditativa, e lle fora valorada, no ano 2018 e 2019 para ao mesmo posto, na Oficina de Emprego Santiago Centro, só precisarán presentar a actualización de méritos dende a última convocatoria do dito posto.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación. Ao realizarse un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

As persoas que non se presenten á entrevista, serán excluídas do proceso selectivo.

O tribunal citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o tribunal. O tribunal levará a cabo as entrevistas, valoraráas e redactará as correspondentes actas que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á Xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral). O resultado das ditas valoracións será obxecto de exposición pública no mesmo local onde foron realizadas as entrevistas, na oficina de emprego de Santiago Centro e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión.

O tribunal valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirá á Xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral). A relación provisional das puntuacións outorgadas será exposta nos taboleiros da oficina de emprego de Santiago Centro e nos taboleiros e as páxinas web dos Concellos de Ames e Brión, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

## 5.2 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- a) O maior tempo acreditado como desempleado
- b) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d) De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h) O de maior idade

### 5.3 Incompatibilidade

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

### 6. PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS PUNTUACIÓNS FINAIS, CONTRATACIÓN E LISTAXE DE RESERVA.

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

O tribunal acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros dos concellos promotores, da Xefatura territorial e da Oficina de emprego de Santiago centro, así como na páxina web dos concellos.

Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nas instrucións que se determine pola consellería correspondente.

## ANEXO I. BAREMOS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO

### BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

#### FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidades promotoras e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os concellos de Ames e Brión as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado traballador e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo..., todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado traballador.



8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

**REQUISITOS MÍNIMOS:**

A sondaxe realizarase pola ocupación de "Director técnico de centro educativo" con nivel académico: licenciatura ou grao.

Experiencia profesional mínima de 12 meses na ocupación.

**ENTREVISTA:**

Valoraranse as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

**VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

**1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:**

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado

**2. Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Ao requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior (12 meses).

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

**3. Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, etc. non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

**4. Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

**5. Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 5.2).

## BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

### **FUNCIÓNS:**

Serán contratados a xornada completa 2 mestres/as para a especialidade **AGAR0208 REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS**

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado traballador.

As súas funcións serán:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado traballador, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Nivel académico: os establecidos no RD 108/2008, do 1 de febreiro, modificado no RD 682/2011, do 13 de maio, que regula o certificado de profesionalidade.

A competencia docente acreditarase según RD 682/2011.

No caso de que se acredite a competencia docente co criterio de "polo menos 600 horas en Formación Profesional para o emprego ou do sistema educativo", valorarase unicamente a maiores o tempo que exceda esas 600 horas.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartición da docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

### **ENTREVISTA:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos

### **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

#### **1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:**

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valorarase unicamente como master universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

#### **2. Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

### 3. Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

**A puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

### 4. Cursos de formación didáctica:

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria): 1 punto
- Curso de Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110): 1 punto

**A puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

### 5. Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

### 6. Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 5.2)

## BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A COORDINADOR/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

### FUNCIÓNS:

Realizará labores de coordinación de todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. A persoa candidata seleccionada encargárase de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática e igualdade de xénero, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visitas a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a ao 88% da xornada.

### REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de "Técnico e/ou Coordinador de Formación" con nivel académico de diplomatura, licenciatura ou grao.

Experiencia profesional mínima de 12 meses na ocupación.

### ENTREVISTA:

Valorarase as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

### VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:



### 1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master universitario: ata 500 horas, 0.75 puntos; máis de 500 horas, 1 punto.
- Posgrado universitario: ata 100 horas, 0,25 puntos; máis de 100 horas, 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

### 2. Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

### 3. Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, etc. non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

### 4. Cursos de formación didáctica

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de C.A.P. (máster en secundaria): 1 punto
- Curso de Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110): 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

### 5. Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

### 6. Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 5.2)

## BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A

### **FUNCIÓNS:**

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade e arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado ao **50% da xornada**.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación de Técnico/a en xestión administrativa ou Técnico superior en administración e finanzas.

A sondaxe realizarase pola ocupación de "empregado administrativo, en xeral".

Experiencia profesional mínima de 36 meses na ocupación.

Coñecementos de informática para o desenvolvemento do seu traballo (ofimática)

### **ENTREVISTA:**

Valoraranse as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**

### **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

#### **1. Titulación académica:**

- Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 punto
- Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.
- Título de bacharelato: 1,5 puntos
- Titulación universitaria (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

#### **2. Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

#### **3. Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas, valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

Os cursos de informática anteriores ao 1 de xaneiro de 2010 non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

#### **4. Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

### 5. Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas** (base 5.2).

## BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR

A baremación das persoas candidatas aos postos de alumnado-traballador constará de dúas partes:

### 1. Valoración obxectiva: cuestionario e baremación

#### Cuestionario:

As persoas candidatas terán que realizar un cuestionario con preguntas directamente relacionadas co obxecto do obradoiro de emprego co fin de valorar os seus coñecemento previos ao inicio do obradoiro.

Este cuestionario terá unha puntuación máxima de 20 puntos.

#### Baremación:

As persoas candidatas aos postos de alumnado-traballador que **cumpran os criterios de preferencia** establecidos no artigo 11.3 da convocatoria ("Ademais, priorizarase as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia."), **e así o xustificuen dentro do prazo** establecido para a entrega de documentación, valoraránselle estes criterios do seguinte xeito:

- Xustificación de 1 criterio de preferencia: 1 punto
- Xustificación de 2 criterios de preferencia: 2 puntos
- Xustificación de 3 ou máis criterios de preferencia: 3 puntos

A baremación terá unha puntuación máxima de 3 puntos.

### 2. Valoración subxectiva: entrevista

Previo á baremación e á realización do cuestionario, o tribunal realizará unha entrevista persoal na que se valorará o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Esta entrevista puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

### 3. Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 4.2).

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do alcalde en Ames, a 20 de novembro de 2020, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo